

MOCIÓN CONXUNTA DE TODOS OS GRUPOS MUNICIPAIS CONDENANDO A AGRESIÓN A UCRAÍNA E SOLICITANDO A RETIRADA DAS TROPAS RUSAS E O RESPECTO AO DEREITO INTERNACIONAL

Esta madrugada tivo lugar unha grave agresión a República Popular de Ucraína por parte das tropas rusas. Segundo as autoridades ucraínas, rexistráronse explosións en distintas cidades do país, como a capital, Kiev, Berdiansk, Kramatorsk, Borispil ou Brovari. Segundo fontes do goberno ucraíno, tamén se levaron a cabo ataques con misiles en varias instalacións militares de Kiev, Járkov e Dnipró. En Kiev, comezou xa a evacuación dos pasaxeiros e do persoal do aeroporto.

Unha agresión a un país soberano (lembramos que Ucraína ratificou a súa independencia da Unión soviética en 1991) que, se non se detén, pode desembocar nunha traxedia humanitaria na zona, e en Europa.

Por todo o exposto, o Pleno da Corporación solicita a adopción do seguinte,

ACORDO:

- 1. Condena da agresión de Rusia a Ucraína e total solidariedade co pobo ucraíno.**
- 2. Petición de inmediato alto o fogo e retirada das tropas rusas ao seu territorio.**
- 3. Respecto ao dereito internacional, aos dereitos humanos e aos Acordos de Minsk, e traballar pola resolución ao conflito no marco da ONU e da OSCE.**
- 4. Retorno á vía diplomática como única fórmula para resolver as diferenzas a acadar acordos de paz duradeiros.**

Gumersindo Guinarte Cabada
Voceiro do grupo municipal do PSdeG-PSOE

Alejandro Sánchez-Brunete Varela
Voceiro do grupo municipal do PP

Marta Lois González
Voceira do grupo municipal de CA

Goretti Sanmartín Rei
Voceira do grupo municipal do BNG